



## **ORDENANZA 6.-**

### **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTRUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO, OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS.**

#### **Artigo 1º.- Fundamento e natureza.**

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 o 19 en relación cos artigos 20 o 27 da Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais construídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais”.

#### **Artigo 2º.- Feito Impoñible.**

Constitúe o feito imponible da taxa:

A utilización privativa ou aproveitamentos especiais construídos no solo, subsolo, ou voo das vías públicas municipais sempre que se utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular.

#### **Artigo 3º.- Obrigados o pago.**

Están obrigados o pago da taxa regulada nesta Ordenanza as persoas ou entidades ás que se outorguen as licencias ou aqueles que se beneficien do aproveitamento procedendo sen a oportuna autorización. Responderán solidariamente das obrigas tributarias de suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria. Serán responsables subsidiarios os administradores subsidiarios das sociedades con síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos de sociedades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o artigo da Lei Xeral Tributaria.

#### **Artigo 4º.- Contía.**

1.- A contía da taxa reguladora nesta Ordenanza será fixada nas tarifas contidas no apartado 3 seguinte.

2.- Non obstante, o anterior, para as empresas explotadoras de servizos de subministros que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, a contía da taxa reguladora nesta Ordenanza consistirá en todo caso e sen excepción algunha, no 1,5 % dos ingresos brutos procedentes da facturación que obterían anualmente neste Concello



ditas empresas. A estes efectos, entenderase por ingresos brutos os que ó respecto se establezan no Real Decreto que desenrola o art. 45.2 da Lei 39/1988.

As contías desta taxa que puideran corresponder a Telefónica de España S.A. está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual á que se refire o apartado 1 do artigo 4º da Lei 15/1987 do 30 de xullo (Disposición adicional oitava da Lei 39/1988 do 28 de decembro).

As contías desta taxa serán as seguintes:

Tarifa primeira: palometas, rieis, transformadores, caixas de amarre, distribución e rexistro, cables, tuberías e outros análogos.

Palomitas para sostén de cables. Por unidade e ano .....0,09 €

Transformadores colocados sen quioscos. Por cada m<sup>2</sup> ou fracción ó ano.....6 €

Caixas de amarre, de distribución e de rexistro. Cada unha ó ano .....3,6 €

Cables de traballo colocados na vía pública ou terreos de uso público. Por metro lineal ou fracción ó ano .....0,06 €

Cables de alimentación de enerxía eléctrica colocados na vía pública ou terreos de uso público. Por metro lineal ou fracción o ano .....

Cables de conducción eléctrica, subterránea ou aérea. Por cada metro lineal ou fracción ó ano.....0,06€

Conducción telefónica aérea, adosada ou non a fachada. Por cada metro lineal ou fracción de canalización ó ano.....0,06 €

Ocupación do subsolo, solo ou voo da vía pública ou terreos de uso público con cables non especificados en outros epígrafes. Por cada metro lineal ou fracción ó ano....0,06 €

Ocupación da vía pública con tuberías para a conducción de agua ou gas. Por cada metro lineal ou fracción ó ano .....0,06 €

Ocupación do subsolo con conduccións de calquera clase. Por metro lineal ou fracción ó ano .....0,06 €

Tarifa segunda: Postes.

Postes con diámetro superior a 50 cm. Por cada poste anualmente .....1,20 €



Postes con diámetro inferior a 50 cm. Por cada poste anualmente .....1,20 €

Se o poste serve para sostén de cables de enerxía eléctrica pagará con arreglo a tarifa se a corrente é de baixa tensión; se a corrente é de media tensión pagará o dobre e pagará o triple se é de alta tensión.

A Alcaldía poderá conceder unha bonificación de ata un 50% respecto as cotas deste epígrafe cando os postes instalados por particulares con outros fins sexan o mesmo tempo utilizados por algún servizo municipal.

#### **Artigo 5º. Normas de xestión.**

1.- As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente licencia-

2.- Unha vez autorizada a ocupación, se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogada ata que se presente a declaración de baixa polos interesados.

3.- A presentación de baixa surtirá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte ó sinalado nos epígrafes das tarifas. A non presentación de baixa determinará a obriga de continuar co pago da taxa.

#### **Artigo 6º. Obriga de pago.**

1.- A obriga de pago da taxa regulada nesta Ordenanza nace:

- A) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, desde o momento da concesión.
- B) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa utilizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

2.- O pago da taxa realizarase:

- A) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesourería Municipal ou onde establece o Concello pero sempre antes de retirar-la correspondente licencia.
- B) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa utilizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas desta taxa, por anualidades



unha que se aprobe pola Corporación, se anuncie publicamente o seu cobro, na recadación ou Tesourería Municipal ou entidade bancaria que se sinala e durante o período de ó menos dous meses.

### **Disposición Final.**

A presente Ordenanza aprobouse polo Pleno Municipal en sesión realizada o día nove de outubro de mil novecentos oitenta e nove e entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da provincia e se transcorre o prazo ó que se refire o art. 70.2 en relación co art. 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 1990 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.